



**CIRCULAR: 35/2023, INFORMACIÓN SOBRE A COPA E CAMPIONATOS DE CxM DA FGM: PRAZO PARA SOLICITAR A INCLUSIÓN OU HOMOLOGACIÓN DE PROBAS PARA O ANO 2024.**

A Federación Galega de Montañismo informa aos clubs galegos de montañismo que está aberto o prazo, **ata o día 30 de novembro de 2023**, para solicitar a inclusión de probas de CxM no calendario oficial co obxecto de formar parte da Copa Galega ou Campionatos 2024.

O anexo I desta circular deberá remitirse cuberto ao correo [secretaria@fedgalmon.gal](mailto:secretaria@fedgalmon.gal)

**Os criterios de unificación na organización de probas do calendario de CxM son os seguintes:**

Estas normas nacen ca idea de que todas as probas deportivas de CxM, que en algún momento formen parte do calendario da FGM, ben como probas de Copa ou Campionatos, sigan os mesmos criterios, evitando así certas disparidades.

1. Os regulamentos particulares deben adecuarse a o regulamento en vigor de CxM, non podendo entrar en conflito con este último.
2. As categorías que a organización vaia a premiar, deben coincidir cas existentes na FGM. No caso da sub-categoría veterana, de existir, non é necesario ter 3 (A, B e C), pero de ter unha, debe axustarse o rango de idade. Con isto queremos evitar confusións os participantes e a empresa cronometradora.
3. O cartel da proba, debe conter certos aspectos distintivos:

- Número de proba dentro do calendario co nome completo establecido. Exemplo: **IV Proba da Copa Xunta de Galicia de CxM “Desafío Oia”**

- Levar os logos oficiais establecidos: FGM, Deporte Galego, Xunta de Galicia

O cartel debe ser coñecido pola vogalía de CxM da FGM antes de facelo público, para evitar modificacións.

4. Os percorridos (previamente homologados) non deben sufrir variacións que os modifiquen de maneira importante co homologado. Na semana previa, o equipo arbitral solicitará a información que precise para a realización da súa labor.
5. Os organizadores, no caso de precisalo, deberán proporcionar aloxamento e manutención o equipo arbitral (2 ou 3 árbitros/as).
6. Material obrigatorio do corredor: existe un material obrigatorio no Regulamento de CxM, o cal pode aumentar por decisión arbitral ou do organizador, tendo que anunciálo en redes sociais e mail, a lo menos con 24 horas de antelación. Así mesmo, tamén se poderá descartar algún material, de acordo entre dirección de carreira e o equipo arbitral.
7. Durante a execución da proba, deberá existir unha malla de comunicación (Grupo de Whatsapp) para que estean en contacto o corredor escoba, o director da proba e o/a xuíz/a árbitro/a. Se algún corredor abandona, debe comunicarse nesta malla, estando informado o/a xuíz/a árbitro/a en tempo real.



# FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

**G36630259**

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17. Oficina 10  
36209 Vigo. Teléfono 986 208 758  
secretaria@fedgalmon.gal — fedgalmon.gal



DEPORTE  
GALEGO

8. O director da proba debe ser enlace do cronometrador co/a xuíz/a arbitro/a para dispoñer dos listados de clasificacións, os cales deben ser firmados polo/a xuíz/a e expostos para consulta dos participantes, antes de facer calquera entrega de trofeos.
9. Ningunha proba debe levarse adiante sen as medidas de seguridade precisas, e entre elas destacar a presenza dunha ambulancia de soporte vital básico + médico.
10. Se na proba existen categorías para menores de idade, será obrigatorio presentar autorización dos pais ou titores legais, para poder retirar dorsal (dispoñible na web de inscrición) e na páxina web da FGM.
11. Os organizadores deben contar con voluntarios suficientes, para desenvolver con normalidade a proba.
12. Se o percorrido pode verse afectado por algunha incidencia climatolóxica, debe contar cun itinerario alternativo que evite na medida do posible a súa cancelación.
13. O peche de inscricións debe producirse como mínimo 5 días antes da proba, enviando a continuación o listado de inscritos a dirección de correo: [carreiras@fedgalmon.gal](mailto:carreiras@fedgalmon.gal)

Se o organizador decide inscribir algún participante despois desta data de peche, debe comunicalo pola mesmo canal, xa que se non os árbitros non terán a información completa dos participantes.

14. Na entrega de dorsais, todos e todas as participantes, estarán obrigados a identificarse (DNI, pasaporte, carné de conducir) mais a licenza federativa. É importante que isto está reflexado no regulamento da proba, evitando posibles discusións nesta entrega con algún participante.
15. A idade a ter en conta para todos e todas as participantes, será a 31 de decembro do ano en curso, como reflexa o Regulamento de CxM da FGM.

Vigo, 6 de novembro de 2023

A presidenta da FGM

Josefina Maestu Almeida



## ANEXO 1: Solicitud de Competicións de Carreiras por Montaña (CxM) da FGM para o ano 2024

Importante cumprimentar a solicitude con todos os datos

Indicar o que proceda: ☐ Proba de Copa ☐ Proba de campionato ☐ Homologar proba

Nome da proba:

Club organizador:  CIF do club:

Data de celebración:  Data alternativa:

Teléfono de contacto:

Enderezo postal do club completo con C.P, concello e provincia:

Páxina web se a teñen:

Enderezo electrónico:

Nome e apelidos da persoa que preside o club:

Nome da persoa que dirixe a proba:

Zona o macizo onde se desenvolverá a proba:

Poboación:  Provincia:

Distancia km:  Desnivel positivo:  Desnivel negativo:

¿A proba atravesará algunha vía interurbana?

Premios previstos:

Outros premios previstos:

Recordamos que é moi importante a presentación do DOSSIER TÉCNICO de como será a proba, detallando currículo deportivo, referencias, proposta de actividades paralelas a celebrar, o calquera outra consideración que se crea oportuno destacar na celebración de dita competición.